



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Avenida Fermín Bouza Brey, 15

36860 Pontearreas

TLF: 886 110568

e-mail: [ceip.bouza.brey@edu.xunta.gal](mailto:ceip.bouza.brey@edu.xunta.gal)

web: [www.edu.xunta.es/centros/ceipbouzabrey](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipbouzabrey)



Estimadas familias:

O prazo para solicitar praza no comedor escolar estará aberto do 20 ao 30 de xuño. Poderedes cubrir o impreso no centro ou descargalo da páxina web do centro escolar e entregalo en secretaría en horario de 09:00 h a 14:00 h.

Unha vez recollidas todas as solicitudes, faremos a petición, de ser necesario, de aumento de prazas para o servizo no colexio. De non ser concedido este aumento de prazas, os criterios a seguir serían os seguintes:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
3. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
4. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolledores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
5. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
6. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.